

PLAN LECTOR DE CENTRO

CEIP O BOLO

CURSO ESCOLAR 2018-2019

## Índice

1. Introducción.
2. O centro.
3. Concepto de Proxecto Lector.
4. Marco legal do Proxecto Lector.
5. Xustificación.
6. Finalidades fundamentais do centro para o final da etapa de Educación Primaria.
7. Análise da situación da lectura e da escritura no centro:
  - 7.1. Prácticas lectoras e escritoras do alumnado.
  - 7.2. Identificación de logros e dificultades.
  - 7.3. Análise das metodoloxías empregadas.
    - 7.3.1. Educación Infantil.
    - 7.3.2. Educación Primaria.
      - 7.4. Recursos materiais e humanos.
      - 7.5. Necesidades de formación do profesorado.
8. Obxectivos.
  - 8.1. Obxectivos xerais.
  - 8.2. Obxectivos específicos.
    - 8.2.1. Educación Infantil.
    - 8.2.2. Educación Primaria.
9. Intervencións precisas.
  - 9.1. Funcións da lectura.
  - 9.2. Estratexias de comprensión.
  - 9.3. Lecturas obrigadas en Educación Primaria.
  - 9.4. Fomento de hábitos de lectura
10. Papel da biblioteca no fomento da lectura.
11. Avaliación.
  - 11.1. Qué avaliar?
  - 11.2. Cándo avaliar?
  - 11.3. Quén avalía?
  - 11.4. Instrumentos de avaliación.
  - 11.5. Criterios de avaliación.
1. Introducción.

A importancia da lectura e o seu fomento no ámbito educativo é un feito que está fóra de toda discusión. O libro é un dos máis importantes intermediarios entre o alumnado e o acceso aos coñecementos nas distintas disciplinas, áreas ou materias. É por isto que parece imprescindible a adquisición duns bos hábitos lectores. Pretendemos polo tanto, establecer rutinas e desenvolver modelos que propicien o salto cualitativo do "saber ler" ao "querer ler".

Con este proxecto queremos dar cumprimento ao mandato da Lei Orgánica de Educación, do 3 de maio 2/2006, que na exposición de motivos e no seu articulado expón:

- Unha das finalidades da Educación Primaria é a adquisición das habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral e á lectura.
- Os alumnos/as deben desenvolver hábitos de lectura.
- A lectura debe traballarse en todas as áreas do currículo.
- A fin de fomentar o hábito da lectura, dedicarase un tempo diario á mesma.

Na mesma liña, o Real Decreto 1513/2006 que establece as ensinanzas mínimas da Educación Primaria, menciona o tratamento da expresión oral e a comprensión lectora como factores fundamentais para o desenvolvemento das competencias básicas.

## **2. O centro.**

O CEIP O Bolo é un centro de antiga creación que comeza o seu funcionamento no curso 1981-1982. Está enclavado nunha zona do rural de Ourense, concretamente no concello do Bolo.

O centro conta con catro mestres, cubrindo desa maneira as catro especialidades: Infantil, Educación Física, Inglés e especialista en Música, encargado de impartir tamén as sesións de música e apoio á titoría de Primaria . Ademais o centro tamén conta cun mestre especilista en Relixión, unha Orientadora que visita o centro cada quince días e un especialista en Audición e Linguaxe itinerante, compartido co CEIP Manuel Respino de A Rúa que ven dous días á semana.

## **3. Concepto de proxecto lector.**

Entendemos por Proxecto Lector un documento que integra todas as intervencións do

centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Tamén procura a adquisición das competencias básicas, especialmente a comunicación lingüística, o tratamento da información e a competencia dixital, a competencia cultural e artística e a competencia para aprender a aprender.

Como todos sabemos a lectura axuda a establecer escalas de valores que lles permitirán aos alumnos prepararse para a vida.

Corresponde ao equipo de biblioteca, baixo a supervisión do equipo directivo e do coordinador, dirixir este plan de lectura e poñer en marcha as estratexias necesarias para a súa implantación no centro.

Todos os mestres do centro son "mestres de lectura", e a súa implicación asegura a integración curricular do plan de lectura e a incorporación de calquera tipo de contido sexa cal sexa a área ou a materia.

#### **4. Marco legal do Proxecto Lector.**

A LOE co obxecto de reforzar a lectura establece para a Educación Primaria no artigo 19.2 : " Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e a educación en valores traballarase en todas as áreas."

Ao mesmo tempo establece no artigo 19.3 : " A fin de fomentar o hábito da lectura dedicarase un tempo diario á mesma."

O Decreto 130, que establece o currículo da E.P. (actualmente tamén a LOMCE) tamén lle dedica o anexo IV ao Proxecto Lector, así no artigo 6º di: "Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector(...) asegurándose como mínimo media hora diaria."

#### **5. Xustificación.**

O nivel de competencia lectora dalgún dos nosos alumnos alcanza niveis preocupantes.

Observamos que a lectura diminúe e se empobrece conforme se van cubrindo as diferentes etapas. Pensamos que a lectura debe asentarse en todo o proxecto educativo arredor de tres eixos: saber ler, querer ler e poder ler, por iso queremos actuar en todos eles para revertir, de maneira eficaz e proporcionada, o problema que nos preocupa que é a débil condición lectora dos nosos alumnos. Estes tres eixos requiren un clima de atracción que permita acceder aos nosos lectores ás máis variadas linguaxes. Aquí a biblioteca escolar, entre outros medios, debe cumprir un papel primordial.

Saber ler e querer ler deben exercerse e confluír en tempo e en espazo. De ahí a necesidade do proxecto de biblioteca escolar que faga posible, na súa xusta medida, o poder ler.

A biblioteca escolar é un recurso imprescindible para formar ao noso alumnado na consulta e na selección de diversas informacións, así como na formación do autoconñecemento. Pretendemos que sexa un espazo para o acercamento da lectura de textos literarios e informativos, en formato impreso, audiovisual ou multimedia, para que adquiran o hábito lector e formar unha comunidade lectora.

Desexamos que o noso centro xogue un papel fundamental no fomento de actitudes positivas en torno ao libro e a lectura e que a partir del se poidan elaborar proxectos de lectura a medio e largo prazo mediante un plan de actuacións. Tendo como recurso a biblioteca escolar, garantimos a existencia de fondos en diversos soportes e o seu acercamento ao alumando. Ademáis queremos conseguir que este espazo se convirta nun lugar de usos múltiples cunha organización óptima para todos os ciclos.

O proxecto lector do centro complementará e servirá de apoio importante aos diversos proxectos educativos que se están levando a cabo actualmente no centro e insertarase nas finalidades educativas do mesmo.

## **6. Finalidades fundamentais do centro para o final da etapa de educación primaria.**

1. Desenvolver a competencia lectora dos alumnos e alumnas a través de:

- O traballo con distintos tipos de textos (narracións, poemas, cancións, cómic, imaxes, fotografía, pintura, gráficos, textos informativos, xornalísticos, publicitarios...

- Integración das TIC e prácticas lectoras en todos os soportes en situacións contextualizadas.

- Aprendizaxe de estratexias de comprensión lectora.

2. Acadar lectores competentes, para o que é necesario:

- Empregar os coñecementos previos para darlle sentido á lectura.

- Dirixir de xeito autónomo a súa lectura (atención, consciencia sobre a comprensión, corrección dos erros...).

- Empregar estratexias para acadar a comprensión (revisión, insistencia...).

- Distinguir o importante do que non o é en función da finalidade da lectura.

- Resumir o lido como estratexia de comprensión.

- Realizar inferencias ( comprensión de termos polo contexto) .

- Realizar preguntas sobre o lido.

3. Mellorar a competencia literaria dos nosos alumnos e alumnas, o que require:

- Ler literatura polo pracer de ler.

- Ler literatura para realizar determinadas tarefas, con obxectivos curriculares.

- Textos diversos en canto a contido e complexidade.

- Progresión nas propostas de textos cada vez máis esixentes.

4. Educar no uso crítico da información.

5. Fomentar o hábito da lectura.

6. Apoiar a adquisición das competencias básicas.

Para isto:

- Crearanse ambientes lectores axeitados, con un clima que favoreza o achegamento aos libros e á lectura e onde se poña en valor esta actividade facendo visible a biblioteca escolar e outros recursos, facilitando a presenza da lectura e dos libros na práctica cotiá, programando actividades para toda a comunidade escolar, mostrándose o profesorado como mediador e como modelo lector.

- Teranse en conta unha serie de estratexias de comprensión lectora: O coñecemento previo, os obxectivos ou intencións da lectura, dos que vai depender a capacidade de resposta diante das dificultades de comprensión.
- Así mesmo a lectura dun texto terá sentido para o/a neno/a se o seu contido conecta cos seus intereses e se a tarefa responde a unha finalidade.
- Antes da lectura procurarase activar o coñecemento previo sobre o que se vai ler, establecer predicións sobre o texto e fomentar as preguntas sobre o texto.
- Consideraranse algunhas actividades durante a lectura, favorecedoras do acceso á comprensión:
  - Facer unha lectura individual e silenciosa previa a calquera actividade de lectura expresiva
  - Pode haber tamén unha lectura a modo de exemplo, do profesor.
  - En actividades de lectura compartida : formular predicións sobre o texto que se está a ler, facerse preguntas sobre o que se leu, aclarar posibles dúbidas acerca do texto, resumir ideas do texto...
  - Facer prácticas de lectura independente: textos con erros, para identificar, textos con lagoas para completar , completar textos, engadir finais, re- escriturar segundo diversos criterios...
- E despois da lectura traballarase:
  - A idea principal.
  - A elaboración dun resumo.
  - A formulación de preguntas de resposta literal, preguntas para pensar, preguntas de elaboración persoal.
  - Actividades que fomenten a creatividade, o pensamento diverxente e desenvolvan a afectividade.

## **7. Análise da situación da lectura e da escritura no centro.**

### *7.1. Prácticas lectoras e escritoras do alumnado.*

Dividirase esta análise en tres grandes bloques: asistencia a bibliotecas, lectura e escritura na casa e lectura e escritura no centro.

#### *Asistencia a bibliotecas.*

En canto á asistencia e relación do alumnado coas bibliotecas públicas, atopamos que a gran totalidade dos alumnos nunca visitou unha biblioteca pública ou non a visita con frecuencia e, polo tanto, descoñece o seu sistema de funcionamento: servizos de préstamo, organización dos volúmenes, etc... Non pasa o mesmo coa biblioteca escolar, xa que a principio de curso se lles informa a todos e todas sobre cómo están organizados os libros e cales son propios para o seu nivel.

Sen embargo, si unha grande porcentaxe de alumnos e alumnas sabe desenvolverse buscando información nos distintos soportes que se poden atopar nunha biblioteca: libros, enciclopedias, dicionarios, DVD, CD Rom, Internet...

#### *Lectura e escritura na casa.*

Unha grande maioría afirma ter moitos libros, aínda que tamén se elixen a si mesmos como a persoa que máis le na súa casa, seguidos bastante de lonxe polas nais, pais e irmáns. Vese polo tanto que a motivación lectora na casa é, en moitas ocasións, escasa ou inexistente.

#### *Lectura e escritura na escola.*

O servizo de préstamo tanto dende a biblioteca do centro, coma dende as bibliotecas de aula funciona moi ben. É, sen dúbida, o medio polo que os nenos e nenas conseguen a maior parte dos libros que len. Déixanse aconsellar polos mestres e os compañeiros para facer a súa elección e teñen un grande abano de posibilidades do que carecen fóra da escola.

A hora de ler tamén inflúe moito no fomento do hábito lector dende a escola, proporcionando un ambiente diario de lectura silenciosa do que moitos nenos e nenas non teñen a oportunidade de disfrutar noutro momento do día, dándolles a oportunidade de engancharse a unha lectura que moitos seguen na casa.

En canto ó gusto pola lectura, o alumnado responde positivamente, salvo casos illados, e na súa maioría prefiren para ler contos, novelas de aventuras e cómics.

#### *7.2. Identificación de logros e dificultades.*

Algunhas das dificultades mais frecuentes que o profesorado pode atopar no desenvolvemento do proceso lector son as seguintes:

- a falta de motivación do alumnado pola lectura en xeral



- o déficit de atención e concentración
- a escasa comprensión do lido
- a limitación do seu vocabulario
- as dificultades para adquirir un hábito lector
- a deficiente expresión tanto oral como escrita

Todo isto inflúe e incrementa as dificultades para o adecuado progreso da aprendizaxe. Sen comprensión é imposible desenvolver o gusto pola lectura.

Estas dificultades afectan tamén ó desenvolvemento da escritura. Dende o primeiro momento os nenos e nenas poden adquirir malos hábitos que, se non se corríxen a tempo, os acompañarán durante toda a etapa. Aquí débense incluír tamén unha mala caligrafía ou unha mala postura ó coller o lapis.

### *7.3. Análise das metodoloxías empregadas.*

#### *7.3.1. Educación Infantil:*

É importante que o fomento da lectura se traballe desde etapas moi tempranas, polo que se debe comezar desde a Etapa de Educación Infantil.

Nesta etapa o fomento lévase a cabo a través da animación á lectura dun modo diario e global mediante actividades diversas, utilizando a **lectura do conto** como recurso principal.

Previo á lecturas realizarase:

- Búsqueda de información sobre o que vaia a versar o conto.
- Invención de diferentes títulos partindo da portada do libro.
- Imaxinar distintos argumentos observando o conto por fora.

Durante a lectura:

- O profesor/a le en voz alta o conto.
- Recapitulación do lido e aclaración, por parte do profesorado, dos aspectos que considera poden ter dificultade de comprensión para os alumnos/as.
- Inventar distintos finais antes de concluír o texto

Despois da lectura:

- Crear rimas, adiviñas e cancións partindo do conto lido.
- Incluír personaxes doutros libros.

- Dramatizar o argumento empregando disfraces, maquillaxe, marionetas, decorados, etc.
- Ilustrar o conto utilizando diferentes soportes e materiais.

### 7.3.2. Educación Primaria

O **conto** ocupa un lugar importante na formación literaria dos alumnos e alumnas de Educación Primaria. Polo contido, a súa estrutura e o seu vocabulario é un instrumento fundamental para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas. No segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria tamén se utilizan outras posibilidades da narrativa así como **a lírica e o teatro**.

Os textos son elixidos atendendo aos seguintes criterios:

- Grao de maduración do proceso lector.
- Elección de temas atractivos e interesantes para o alumno/a.
- Aumento da dificultade dos textos ao longo do curso.
- Textos variados en canto a contidos e de diferentes xéneros literarios.
- Elección do tipo de letra adecuada aos distintos niveis.
- Ilustracións atractivas e motivadoras.

Séguese diferentes estratexias, segundo as idades dos nenos e nenas, para o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora.

Previo a lectura trataremos de:

- Motivar a lectura, explicar o obxectivo da mesma (para qué vou ler?), activar o coñecemento previo (que sei acerca deste texto?).
- En función da portada e o título suxerir a qué xénero pertence o libro e de qué pode tratar.
- Facer carteis anunciadores do libro.
- Realizar un análise da estrutura gráfica do libro: portada, contraportada, autor, editorial, ano de edición, ...
- Buscar información sobre a biografía e outras obras do autor/a.

Durante a lectura:

- Lectura colectiva con ritmo, entoación e pausas.

- Lectura individual en voz alta ou silenciosa
- Recapitular nalgúns parágrafos, predicir as seguintes ideas, resolver erros e lagoas de comprensión...
- Informarse sobre o contexto social, xeográfico e histórico no que acontece a trama do libro.
- Traballar o vocabulario, os signos de puntuación, a ortografía, figuras literarias,... que aparecen no libro.

Despois da lectura:

- Saber expresar a idea principal (De que trata o texto?)
- Realizar un resumo ou un esquema.
- Responder a preguntas sinxelas sobre o lido.
- Ficha modelo de análise do texto.
- Dramatización dalgunha escena do libro.
- Inventar outro final ou outro título para a historia.
- Crear unha nova historia incorporando personaxes doutros libros.
- Debates sobre algunha idea que apareza nos textos.
- Elixir o personaxe que mais lles gusta e describilo.

#### *7.4. Recursos materiais e humanos. Situación da biblioteca escolar e outros recursos.*

Ata o curso o curso 2008/2009 a biblioteca do centro levaba varios anos sen moita actividade, polo que se plantexou o obxectivo de dinamizala. Durante estes últimos cursos comezouse coa reorganización e catalogación dos fondos, separación da literatura en niveis de lectura, organizáronse varias actividades de dinamización e participouse en distintos programas e proxectos.

Neste curso 2018/2019 o que se pretende é darlle a biblioteca un gran cambio tanto nos espazos e recursos, así coo en actividades.

A biblioteca do CEIP O Bolo atópase ubicada na primeira planta do edificio. A superficie que ocupa é mais ou menos de 60 metros cadrados. Conta con conexión a internet e actualmente dispón dun ordenador e unha impresora para a súa xestión. No futuro considerarase a opción de instalar un maior número de equipos informáticos para o uso do alumnado. Ademáis tamén nos gustaría equipar a biblioteca cun lector de

código de barras, un monitor de DVD, unha pantalla de televisión e unha pizarra dixital interactiva.

Na sala pódense distinguir as seguintes zonas:

- Zona de xestión e préstamo.
- Zona de información xeral e cultural.
- Zona de fondos para préstamo.
- Zona de contacontos.
- Zona de lectura, traballo e estudo.

No que ao mobiliario se refire, a biblioteca conta con:

- Mesas e sillas de biblioteca.
- Mesa e sillón para a xestión.
- Estanterías de diferentes cores cunha altura asequible para os alumnos onde están colocados os libros que os alumnos poden consultar e adquirir en préstamo.

A biblioteca conta con arredor de 1.500 libros, dos que na actualidade se atopan catalogados uns 580 exemplares. A maior parte dos libros cos que contamos son libros de literatura mentras que os libros de consulta e complementarios son escasos.

Os apartados cos que conta son os seguintes:

- Libros de lectura divididos por ciclos e idades.
- Libros de consulta.
- Libros de inglés.
- Libros de música.
- Libros de deportes.
- Libros para profesores.
- Dicionarios e obras xerais.
- Recuncho de infantil.

En canto ao seu uso e funcionamento, a biblioteca permanecerá aberta durante o recreo da mañá, na sesión diaria de cincuenta minutos adicada ao Plan Lector, así como dúas horas á semana de apertura fóra do horario lectivo. Neste horario farase o préstamo de exemplares e os alumnos poderán consultar todo tipo de libros, así como

poñer en práctica as distintas actividades e propostas incluídas dentro do Proxecto lector e organizadas polo coordinador de bibliotecas.

Os alumnos tamén poderán asistir á biblioteca acompañados polos seus titores cando éstos así o desexen. Antes de acudir á biblioteca os titores deberán cubrir un cuadrante ubicado na sala de mestres para solicitar o uso das instalacións.

No que aos recursos humanos se refire, o equipo de biblioteca está formado por 4 mestres e mestras e o coordinador.

#### *7.5. Necesidades de formación do profesorado neste ámbito.*

A formación do profesorado encargado da biblioteca é moi insuficiente. É moi necesario que os membros do equipo teñan coñecementos na xestión informatizada das bibliotecas escolares, nos sistemas de catalogación, educación documental, etc... por este motivo hai previsto diversos cursos de formación dirixidos ao persoal docente do centro ao longo do curso respecto a esta temática.

## **8. Obxectivos.**

### *8.1. Obxectivos xerais:*

- Utilizar a lectura como unha estratexia metodolóxica para a mellora da aprendizaxe considerando a biblioteca escolar e a de aula como un recurso imprescindible na construción de hábitos lectores e no desenvolvemento de lectores competentes, e procurando a configuración dunha comunidade de lectores activa.
- Dotar aos nenos e nenas de hábitos lectores baseados en competencias lectoras sólidas contando cunha ferramenta básica: a biblioteca escolar.
- Levar a cabo ao longo de todo o curso intervencións de comprensión lectora e desenvolvemento do hábito lector, evitando actividades illadas, non enmarcadas nun plan de intervención con continuidade e coherencia.
- Implicar á comunidade educativa en accións da programación anual de lectura.
- Desenvolver a competencia lectora, a literaria e a competencia lingüística nas dúas linguas de uso.
- Organizar os espazos e os tempos de lectura favorecendo a creación de ambientes lectores que axuden a facer esta actividade o máis enriquecedora

- Utilizar a biblioteca escolar, integrandoa na práctica docente, transformandoa nun centro xerador de actividades que desenvolven hábitos lectores, competencias escritoras e habilidades de aprendizaxe.
- Implicar e dar participación aos distintos sectores da comunidade educativa nas propostas do programa co fin de contribuir a crear un ambiente lector dentro e fóra da aula e do centro.
- Organizar e celebrar xornadas de animación á lectura.
- Proporcionar apoio ao programa de ensinanza e aprendizaxe.
- Habituar á comunidade educativa á utilización das bibliotecas con finalidades informativas, recreativas e de educación permanente.
- Dotar aos estudantes das capacidades básicas para obter e usar de forma autónoma diferentes recursos e servizos.
- Integrar a biblioteca escolar no traballo diario do centro.
- Incluir no Proxecto Educativo de Centro e na Memoria Final os plans de traballo e actuacións, incluíndo unha avaliación final e propostas de mellora.
- Dotar á biblioteca, de forma permanente, dos recursos necesarios para o seu correcto funcionamento.

## *8.2. Obxectivos específicos:*

### *8.2.1. Obxectivos específicos para a etapa de Educación Infantil.*

- Experimentar a biblioteca como lugar máximo de encontro con libros e co resto da comunidade educativa.
- Establecer un primeiro contacto cos libros dun xeito lúdico.
- Adquirir hábitos relacionados co comportamento que se debe manter na biblioteca e co coidado dos libros e materiais.
- Achegar aos nenos de Educación Infantil ao mundo dos libros a través de actividades que esperten os seus intereses.

### *8.2.2. Obxectivos específicos para a etapa de Educación Primaria.*

- Reforzar as destrezas básicas de lecto-escritura.
- Crear e consolidar hábitos lectores nos alumnos.
- Promover ou incrementar o tempo de lectura na casa.

- Profundizar na relación dos alumnos coa biblioteca como lugar máximo que permite saciar a súa curiosidade.
- Despertar, crear e extender o gusto pola lectura.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través dos recursos que ofrece a biblioteca.
- Profundizar nos hábitos de comportamento na biblioteca.
- Desenvolver hábitos de cuidado e respecto polos libros e demais materiais existentes.
- Iniciar aos alumnos na metodoloxía bibliotecaria.
- Aprender a buscar, organizar e aplicar a información dispoñible.
- Manexar autónomamente os recursos dispoñibles na biblioteca.
- Buscar, clasificar e aproveitar os recursos para ampliar os coñecementos adquiridos na aula.
- Favorecer o coñecemento dos novos materiais de lectura que se adquiran no centro para promover o seu uso.
- Respetar o clima que debe concurrir nunha biblioteca.
- Ampliar a súa visión do mundo, abrir a súa mente a outras realidades e culturas con actitude de respecto.
- Incrementar o interese e o gusto pola literatura como expresión de coñecemento e cultura.
- Dotar ós estudantes das capacidades básicas para obter e usar de forma autónoma diferentes recursos e servizos.
- Desenvolver a competencia dixital e do acceso á información promovendo o espírito crítico e investigador.
- Despertar a necesidade de elaborar as súas propias creacións.
- Desenvolver hábitos de cuidado e respecto polos libros e materiais existentes.

## **9. Intervencións precisas.**

### *9.1. Funcións da lectura.*

A lectura cumpre moitas funcións nas diferentes actividades cotiás, non só no ámbito meramente escolar, e isto non o podemos obviar se somos conscientes de que a

educación primaria ten por obxectivos últimos o aprender a aprender, aprender a vivir e aprender a ser críticos.

A lectura é fonte de información, comunicación, expresión. Son moitas as facetas que podemos traballar na aula, sempre en conexión coa propia formación do alumno no que será a súa vida académica, e a propia 'confrontación' coa realidade. Non podemos obviar a *importancia do lúdico* nesta etapa da formación do alumnado. A lectura é un medio excelente para explotar, ou mellor dito, practicar este aspecto lúdico xa que é *a entrada a un mundo fascinante de soños e seres fantásticos, de mundos imposibles nunha realidade que nos limita, de historias e personaxes cos que nos sentimos identificados.*

A continuación amósase un cadro que recolle a variedade de situacións reais que precisan da lectura e os textos que se deben escoller para traballalas.

¿Para qué ler?	Exemplos de textos
Para obter información, xa sexa xeral ou ben unha información precisa	Noticias do xornal, anuncios, carteleira docine, guía telefónica, dicionario...
Para adquirir coñecementos específicos sobre un ámbito ou tema	Libros e revista especializados, enciclopedias...
Para recordar	Axenda, consignas, normas...
Para disfrutar, por pracer	Cómics, contos, poesía, novelas...
Para facilitar información ou pracer aos demais	Cartas, noticias, un poema...
Para xogar e entreterse co propio linguaxe	Sopas de letras, encrucillados, adiviñas...
Para executar algunha acción	Instrucións, receitas...
Para revisar, correxir, etc.	Un texto propio, o dun compañeiro/a...

Cadro extraído do artigo de Remei Grau en Aula, nº 59

## 9.2. Estratexias de comprensión.

O/a mestre/a ten un papel fundamental no desenvolvemento da comprensión lectora do alumnado xa que é o encargado de ofrecer as andamiaxes para unha mellor



comprensión e control das lecturas, plantexando actividades de lectura compartida, utilizando estratexias e promovendo actividades de lectura independente.

Axudarase ó alumnado a desenvolver a súa comprensión lectora:

- Enmarcando as lecturas en proxectos que lle den sentido.
- Garantindo que na aula se dispoña da maior cantidade e variedade de textos.
- Permitindo que os alumnos seleccionen os textos de acordo ás súas necesidades.
- Favorecendo que os alumnos activen e desenvolvan os seus coñecementos previos.
- Lendo en voz alta para os alumnos.
- Priorizando a lectura silenciosa.
- Porpoñendo a lectura en voz alta dalgún parágrafo significativo que sexa preciso discutir ou intercambiar opinións.
- Permitindo que o alumno busque por sí mesmo a información, que xerarquice ideas e se oriente dentro dun texto.
- Elaborando hipóteses sobre o contido do texto (anticipación)
- Ante a lectura dun libro, reparando na portada, contraportada, índices, ilustracións, prólogos...
- Relacionando a información do texto coas súas propias vivencias, cos seus coñecementos, con outros textos, etc.
- Identificando o tema que da unidade ó texto.
- Reordenando a información do texto.
- Coordinando unha discusión acerca do lido.
- Formulando preguntas abertas, que non se podan contestar cun si ou un non.
- Favorecendo situacións de escritura onde podan volcar as súas opinións sobre o lido, xa que a escritura favorece e enriquece moito a lectura.
- Empezando a contar un conto para espertar o interese e que os nenos e nenas o sigan.

### *9.3. Lecturas obrigatorias en Educación Primaria.*

En cada curso escolar cada nivel debe propoñer unha ou varias lecturas obrigatorias en galego e/ou castelán que se escollerán atendendo ós seguintes criterios:

- O libro deberá axudar a desenvolver o gusto estético, estimular a afición pola

lectura e fomentar a creatividade.

- Hai que ter en conta tamén a calidade das ilustracións, que pretenden espertar a imaxinación dos nenos e nenas.

- Ten que ter uns personaxes e ambientes interesantes e impactantes, cos que se poidan identificar.

- Os textos deberán ter máis acción que descrición, sobre todo nos niveis iniciais.

- A linguaxe será enriquecedora, e sempre adecuada ó nivel de desenvolvemento madurativo do lector.

- Os aspectos formais tamén son importantes: A cuberta, o tipo de letra, a calidade do papel, encadernación, maquetación...

- A idade do lector e o seu momento evolutivo dende o punto de vista psicolóxico, os seus gustos, os itinerarios de lectura que seguiu ata ese momento e as súas estratexias de comprensión lectora.

#### *9.4. Fomento de hábitos de lectura.*

Coa finalidade de fomentar e desenvolver o hábito lector entre o noso alumnado, lévanse a cabo as seguintes actividades:

##### **a. Hora de ler**

Púxose en marcha no centro esta proposta que a Consellería de Educación lanzou en 2007 co obxectivo de por a disposición de todos un tempo e un espazo para favorecer a lectura e o intercambio de materiais e experiencias, formar lectores competentes e consolidar entre o noso alumnado o hábito lector.

Así, e despois de facer unha reestruturación no horario do centro, botamos a andar este proxecto como un tempo dedicado á lectura individual onde cada quen elixe o que vai ler; un tempo para aproximarse ós libros, contos, xornais, revistas... e no que cada un le ó seu ritmo.

A hora de ler lévase a cabo na aula de cada grupo acompañados do profesor responsable da 5ª sesión. As aulas están dotadas con libros da biblioteca escolar, que se renovan cada certo tempo, materiais da propia aula e materiais aportados polo profesorado e o alumnado.

#### **b. Mochilas viaxeiras:**

Enviaranse 4 maletas viaxeiras ás casas con diferentes materiais para que as familias poidan compartir momentos de lectura e de lecer. Procurarase incluír materiais adaptados a varias idades para atender ás necesidades de toda a familia e intentarase que sexan variados: narrativa, poesía, libros, informativos, cómic, revistas, cds de música, DVD...

#### **c. Bibliotecas de aula**

En cada aula hai unha pequena biblioteca dotada con fondos da biblioteca do centro, que se van renovando periodicamente, libros cedidos temporalmente polos os alumnos e alumnas, libros e revistas do propio curso ou ciclo, etc. Normalmente están xestionadas polo propio alumnado, aínda que sempre contan coa supervisión do titor ou titora.

#### **d. Visita de escritores infantís**

Como apoio ó traballo das lecturas obrigatorias, o Centro invitará a distintos autores e ilustradores de literatura infantil. É interesante que estes teñan que ver co libro elixido como lectura obrigatoria de cada nivel (o seu autor, ilustrador...) como actividade de motivación. Varios destes personaxes invitaranse para conmemorar a semana das Letras Galegas, o Día do Libro....

#### **e. Exposicións de libros**

Periodicamente realizaranse exposicións na planta baixa do colexio para presentar as novidades da Biblioteca a todo o centro. En datas sinaladas tamén se expoñen libros relacionados coas mesmas (Nadal, Día da Paz, Dereitos Humanos, día do libro...)

#### **f. Outras actividades**

- Libro viaxeiro.
- Contacontos: Dentro das aulas, realizado polas familias, os mestres e mestras dos distintos grupos e o alumnado.
- Ilustración de contos en murais.
- Facer carteis coas novidades da biblioteca e colocalas nos taboleiros das aulas ás que van dirixidas.
- Préstamos de fondos dende a biblioteca do centro.

### **7. Colaboración por parte das familias no fomento da lectura.**

Indicaránelles ás familias unha serie de pautas que poden levar a cabo para mellorar a lectura:

- Animalos a que lean para que sirvan de exemplo e de modelo para os seus fillos/as, propiciando así que estes os imiten.
- Que lles conten aos seus fillos moitos contos, historias, etc.
- Que o lugar onde conten a historia ou lles lean o conto sexa tranquilo, agradable...
- Valerse de diferentes situacións para practicar a lectura: folletos, programas de tv, regras dos xogos...
- Que vaian á biblioteca cos seus fillos.
- Aínda que os seus fillos aprenderan a ler, que lles sigan lendo ata os 7-8 anos.
- Que non se obsesionen se ao seu fillo/a lle costa un pouco aprender a ler, xa que pode crear tensión no neno/a e ser contraproducente.
- Que acudan en todas as ocasións que podan aos obradoiros que se propoñan dende o centro e colaboren activamente na realización do proxecto lector do centro.

### **10. Papel da biblioteca no fomento da lectura.**

Por tratarse a biblioteca do centro dun dos ambientes fundamentais para a lectura, plantexámonos o seguinte:

- Destinar un presuposto para a compra de exemplares.
- Solicitar máis mobiliario para facer da biblioteca un lugar máis atractivo e cómodo.
- Solicitar obras á Dirección Territorial para ampliar o espazo onde está a biblioteca.
- Dotar a biblioteca con maior número de equipos informáticos para uso dos alumnos, xa que actualmente tan so conto con un equipo destinado a xestión da biblioteca.
- Dotar a biblioteca con medios audiovisuais para deste xeito integrar o proxecto TIC do centro na biblioteca.

- Clasificar mellor o material co que conta a biblioteca.
- Realizar tratamento físico dos libros (rexistro, selado, sinatura...).
- Elaborar un catálogo cos materiais da biblioteca.
- Abrir varios días á semana, nos recreos, a Biblioteca para uso dos nenos, así como procurar facer máis uso dela durante as clases nas diferentes áreas.
- Xestinar a biblioteca (préstamos, devolucións...) a través do Proxecto Meiga.
- Continuar co uso do carné de usuario.
- Facer formación de usuarios aos alumnos/ as e aos mestres/as.
- Seguir facendo actividades de animación á lectura tendo como eixo vertebrador a Biblioteca.
- Traballar en algún proxecto común dentro da Biblioteca ((Día da Prensa, Día das Letras Galegas, Maratón de Lectura, Sesión de Contacontos, etc.)
- Crear un equipo de encargados da biblioteca con alumnos que coloquen os libros utilizados nas estanterías correspondentes.
- Continuar coa actividade das mochilas viaxeiras.

## **11. Avaliación.**

### *11.1. Qué avaliar?*

- O grao de consecución dos obxectivos.
- O grao de implicación do alumnado, o profesorado e a comunidade educativa.
- As actividades deseñadas para o desenvolvemento do plan.

### *11.2. Cándo avaliar?*

- Levarase a cabo unha avaliación continua, analizando as actividades que se van poñendo en práctica.
- Haberá unha avaliación final que se recollerá na memoria de fin de curso.
- En setembro realizarase a revisión do proxecto.

### *11.3. Quén avalía?*

- A responsable da biblioteca.
- Os membros do equipo de biblioteca.
- O claustro de profesores.

- Os usuarios da biblioteca.

#### *11.4. Instrumentos de avaliación.*

- Reunións de coordinación da biblioteca escolar.
- Enquisas.
- Contacto directo entre responsable-mestres-lectores.
- Valoración final: memoria fin de curso.

#### *11.5. Criterios de avaliación.*

Os criterios nos que basearemos a avaliación do desenvolvemento lector do alumnado do centro serán os seguintes:

1. Nivel de lectura expresiva e comprensiva dos alumnos e alumnas: Ler con ritmo e entoación axeitados textos propios para a súa idade, respectando os signos de puntuación e sen hábitos incorrectos na lectura (movemento da cabeza, sinalar co dedo ou co lapis, retrocesos...)
2. Comprensión lectora: Identificar as ideas principais dun texto sabendo eliminar a información que non é útil para a súa comprensión.
3. Escritura: Realizar resúmenes, esquemas ou mapas conceptuais de textos axeitados para a súa idade, expoñendo de forma clara e concisa as ideas principais e sen cometer erros ortográficos, gramaticais nin sintácticos.
4. Escribir textos axeitados ao seu nivel nos que exista unha secuencia lóxica na exposición de ideas, sen erros e con distintos estilos literarios.
5. Resolver problemas matemáticos onde teñan que inferir determinados datos e prestar especial atención á resposta correcta para a solución do problema.
6. Gusto pola lectura: Guiarémonos polo número de libros lidos polo alumnado, coa fin de coñecer se realmente lles resulta atractivo e non len unicamente por obriga.

Para avaliar o grao de implicación do profesorado e a adecuación ou non deste proxecto ás necesidades do centro, atenderase ós seguintes criterios:

1. Adequación, interese e participación do alumnado nas actividades propostas.
2. Implicación do profesorado na posta en marcha das actividades.
3. Uso por parte do profesorado dos momentos destinados ó seu grupo dentro do horario da biblioteca.

4. Uso dos materiais de apoio que existen na biblioteca como apoio á función docente.
5. Grao de conformidade do profesorado co sistema de información do material da biblioteca.
6. Grao de conformidade do profesorado e alumnado co material existente na biblioteca e as propostas para a súa mellora.

# ANEXOS

## Anexo I

### HORARIO BIBLIOTECA ESCOLAR CEIP O BOLO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
DE 9:30 A 10:20			DINAMIZACIÓN		
DE 10:20 A 11:10					
DE 11:10 A 11:40	ACCESO LIBRE				
DE 11:40 A 12:30					
DE 12:30 A 13:20			DINAMIZACIÓN		
DE 13:20 A 13:40	PLAN LECTOR				
DE 13:40 A 14:30					
DE 14:30A 15:15					



--	--	--	--	--	--

<b>DE 15:30 A 17:30</b>	<b>BIBLIOTECA SOLIDARIA</b>				
-------------------------	---------------------------------	--	--	--	--